



CONCELLOS

ABADÍN

Avogación de competencias

Ao amparo do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e do artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, o Pleno do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 12.09.2024 adoptou acordo de avogación da delegación de competencias realizada mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 30.06.2023 en favor da Xunta de Goberno Local, cuxa parte resolutiva reproducécese literalmente:

Primeiro. Avogar o acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión extraordinaria celebrada o 30.06.2023 en materia de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e do artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia sen perxuízo de que surta efectos desde o momento da súa adopción de conformidade co disposto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

O cal se fai público para o seu xeral coñecemento.

Abadín, 13 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2725

Anuncio

Delegación de competencias

Ao amparo do artigo 9.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, do artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, o Pleno do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 12.09.2024 adoptou acordo de delegación das competencias susceptibles de delegación en favor da Alcaldía, cuxa parte resolutiva reproducécese literalmente:

Primeiro. Delegar na Alcaldía, e poo tempo que esté vacante a praza de Secretaría-Intervención, todas as competencias que o artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ao Pleno e que non teñan carácter de indelegables ao abeiro do disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 51.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia sen perxuízo de que surta efectos desde o momento da súa adopción de conformidade co disposto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

O cal se fai público para o seu xeral coñecemento.

Abadín, 13 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2726

*Anuncio***Aprobación inicial expediente modificación de crédito 1/2024 - Suplemento de crédito**

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 12.09.2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 1/2024 do vixente orzamento 2024, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 1.200.000,00 € financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 13 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2727

COSPEITO*Anuncio***SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE BAIXA COLECTIVA DE SALDO DE OPERACIONES ORZAMENTARIAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS PECHADOS**

O Pleno do Concello, en sesión celebrada en data 31 de xullo de 2024 acordou aprobar inicialmente e, con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, o expediente colectivo nº 752/2024, de baixa do saldo de operacións orzamentarias, pendentes de pago, procedentes de exercicios pechados, cuxo importe do principal da mesma ascende a 50.620,31 euros, correspondentes aos exercicios 1993-2017.

O devandito expediente estivo exposto ao público, non presentándose alegacións contra o mesmo durante o prazo de exposición ao público (publicado no BOP nº 184, de data 09/08/2024), quedando automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do Concello de Cospeito, de data 31 de xullo de 2024.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso, no prazo de dous meses contados a partir da presente publicación, tal como dispón o artigo 46.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cospeito, 11 de setembro de 2024.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvaríño.

R. 2704

OUTEIRO DE REI*Anuncio***Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2024**

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 8 de agosto de 2024, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2024. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Durante dito prazo non se presentaron alegacións, polo que se fai pública a elevación a definitiva da aprobación, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

A.- OPERACIONES CORRIENTES		
Cap.	Descripción	Consignación
1	GASTOS DE PERSONAL	1.492.605,63

2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	3.572.750,29
3	GASTOS FINANCIEROS	103.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	242.909,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
	Total operaciones Corrientes	5.411.264,92
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	INVERSIONES REALES	3.789.562,04
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	123.710,12
	Total operaciones de Capital	3.913.272,16
	Total Presupuesto	9.324.537,08

ESTADO DE INGRESOS

	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
Cap.	Descripción	Consignación
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.578.000,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	160.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.824.558,54
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.857.848,08
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00
	Total operaciones Corrientes	7.420.406,62
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	50.616,64
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.543.482,12
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	310.031,70
	Total operaciones de Capital	1.904.130,46
	Total Presupuesto	9.324.537,08

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril:

CADRO DO PERSOAL. EXERCICIO 2024**A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACION	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.-HABILITACION DE CARACTER ESTATAL			
1.1. Secretario	1	0	A1
1.2. Interventor (agrupación con Castro de Rei)	1	0	A1
2.-ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
Administrativos	3	0	C1
Auxiliares administrativos	2	0	C2
Conserxes	2	0	E
Vixilante	1	1	E
Alguacil	1	0	E
3.-ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL			
Arquitecta	1	0	A1

B) POSTOS DE TRABALLO PERSOAL LABORAL FIXO. ANO 2024

DENOMINACION	Nº	POSTO	VACANTE
Arquitecta técnica	1	Laboral fixo	0
Animadora sociocultural	1	Laboral fixo	0
Monitor deportivo	1	Laboral fixo	0
ADL	1	Laboral fixo	0
Educadora familiar	1	Laboral fixo	0
Oficial 1ª serv. múltiples	1	Laboral fixo	0
Oficial 2ª serv. múltiples	3	Laboral fixo	1
Limpadora	1	Laboral fixo	0

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Outeiro de Rei, 11 de setembro de 2024.- O ALCALDE, José Pardo Lombao.

R. 2705

SAMOS*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 06.06.2024 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquiaslimitrofes, correspondente ao 3º trimestre de 2022, exponeseo público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmorealizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en Abanca, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 30 de agosto de 2024.- ALCALDESA, María Jesús López López.

R. 2706

SARRIA

Anuncio

O día 10/09/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2024-1501, ditou a seguinte resolución:

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 10/09/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na 7.1, elevou a esta Alcaldía a a proposta de adxudicación dos postos convocados aos seguintes aspirantes:

- a) Pérez Soto, Iván (**532**)
- b) Armesto de Hojas, Oliver (**216**)

Segundo a referida base 7.2, a proposta do tribunal será elevada a definitiva por resolución do Alcalde, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por rematado o proceso de selección e elevar a definitiva a proposta do tribunal para a adxudicación dos postos convocados aos seguintes aspirantes:

- c) Pérez Soto, Iván (**532**)
- d) Armesto de Hojas, Oliver (**216**)

SEGUNDO.- Remitir a presente resolución a, efectos da fiscalización previa das tomas de posesión, á Intervención Municipal.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, con indicación de que, segundo a base 7.4, as persoas funcionarias seleccionadas cesarán no seo Concello de orixe no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento sin perxizo da aplicación das restantes normas específicas que para esta situación establece o artigo 42 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, así como cantas outras resulten de aplicación con carácter xeral

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.
Sarria, 10 de setembro de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2694

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE AGOSTO DE 2024**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 4 de setembro de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2703

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

**TRIBUNAL SUPERIOER DE XUSTIZA DE GALICIA. SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO
SECCIÓN 4ª**

Anuncio

Procedimientto: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015274 /2022 /

SobreHACIENDA MUNICIPAL Y PROVINCIAL

De D/ña. RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU

Abogado: MANUEL ENRIQUE DE VICENTE-TUTOR RODRIGUEZ

Procurador: AMALIA MOSQUERA HERRERO

Contra D/ña. CONCELLO DE QUIROGA (LUGO)

Abogado: LETRADO DIPUTACION PROVINCIAL

En este órgano judicial se tramita PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015274 /2022 seguido a instancias de RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU representada por la procuradora Dña. Amalia Mosquera Herrero y dirigida por el Letrado D. Manuel Enrique de Vicente-Tutor Rodríguez contra CONCELLO DE QUIROGA (LUGO) representado por el Letrado de la Diputación Provincial, sobre RESOLUCIÓN 19/02/22 ORDENANZA FISCAL TASA BOP LUGO NUM 41 en los que, por resolución de fecha 10.09.24 de conformidad con lo dispuesto en el art. 107.1 LJCA, la publicación del Fallo de Sentencia firme estimatoria nº 585/23, de fecha 20/10/23, dictada por el TSJ de Galicia Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, a fin de dar publicidad de su contenido, siendo del tenor literal siguiente:

se ha acordado publicar la sentencia recaída en autos, que acuerda:

FALLO

Estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representante procesal de la sociedad mercantil "Red Eléctrica de España, SAU", contra la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos, del municipio de Quiroga (Lugo), que anulamos, sin imponer costas.

A CORUÑA, a diez de septiembre de dos mil veinticuatro.- El/La Letrado/a De La Administración De Justicia, Maria Del Pilar Cancela Ramirez De Arellano

R. 2722

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – BEGONTE

Anuncio

Extracto da Resolución da Alcaldía do 11 de setembro de 2024 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para a material escolar e libros ESO (IES RÁBADE) para o curso 2024-2025.

BDNS (Identif.): 785130

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/785130>)

Primeiro. Beneficiarios:

- Poderán ser beneficiarios das axudas convocadas, os alumnos matriculados no C.E.I.P. Virxe do Corpiño de Begonte, no curso escolar 2024-2025, estean ou non empadroados no municipio.
- Para estes efectos, os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade, considéranse matriculados ou, no seu caso, procedentes do Colexio Público de Begonte.
- Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no I.E.S Río Miño de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2024-2025.

Segundo. Finalidade:

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria de axudas do Concello de Begonte, para a escolarización na etapa obrigatoria para o curso 2024-2025.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, de 11 de setembro de 2024.

Cuarto. Importe:

Axudas cunha/unha contía de ata 150,00 € cada unha para educación infantil e primaria, para os cursos de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO para material escolar e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO do instituto I.E.S Río Miño de Rábade (implantaron E-Dixgal).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Trinta días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo

Begonte, 9 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2723

Anuncio

Extracto da Resolución da Alcaldía do 11 de setembro de 2024 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para transporte escolar durante o curso 2024-2025.

BDNS (Identif.): 785134

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/785134>)

Primeiro. Beneficiarios:

Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

- a) Estar empadroado no Concello de Begonte durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Estar matriculado, e asistir a clase regularmente, no curso académico 2024-2025 en algún dos seguintes estudos:

Bacharelato

Ciclos formativos de grao medio e superior.

Estudios universitarios.

Quedan excluídos aqueles alumnos que dispoñan de transporte público gratuíto para o desprazamento ao centro educativo (ter a Tarxeta Xente Nova da Rede de transporte público de Galicia).

- c) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual non superior a 12.000,00€.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.

No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo.

Segundo. Finalidade:

Pretende apoiar, durante o curso escolar 2024-2025, aos estudantes que cursen estudos de Bacharelato, Ciclos Formativos de grao medio e superior, ou ensinanzas universitarias, co fin de contribuír, na medida do posible, a paliar o gasto diario ou semanal, que os xoves estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, de 11 de setembro de 2024.

Cuarto. Importe:

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

ATA 50 KM ; AXUDA DE 200,00 €

MÁIS DE 50 KM: AXUDA DE 400,00 €

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Trinta días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo.

Begonte, 9 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2724